

10Comunicación, cultura, deporte e compromiso

Comunicación

O Gabinete de Comunicación contou en 2010 cun instrumento demandado desde moito tempo atrás: una nova sala de prensa na Reitoría, facilmente accesible desde a rúa, dotada con dous proxectores e dúas pantallas, sistema de son e conexións de audio integradas nos asentos. Este espazo cobre, por outro lado, a demanda dunha sala alternativa ao Paraninfo, máis pequena e versátil, apta para cursos ou conferencias na cidade.

A outra grande novidade foi a posta en marcha da páxina web da UDC, renovada, que contou coa colaboración da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación en deseño e organización de contidos. Malia estarmos aínda en período de adaptación, contamos agora cun sitio organizado de modo máis racional, pois abandónase a anterior estrutura, baseada no organigrama de goberno, para adaptarse de modo flexible e multilateral ás necesidades de información e de xestión do usuario.

Comunicación interna e externa

- Elaboración do resumo de prensa diario. Inclúe os impactos da UDC nos medios de comunicación escritos e as novas relacionadas con Universidade e co ítem I+D aparecidas en 204 edicións de diarios de España e 246 revistas. O resumo aparece na páxina web da UDC. Este ano deixou de distribuírse en papel.
- III Edición do curso de verán de divulgación científica na sociedade: “Escénica da comunicación” .
- Elaboración de tres números da revista *Universidade & Sociedade* (U+S), da que se editan un total de 2.600 exemplares en papel que posteriormente se distribúen entre empresas, institucións e institutos de ensino secundario en Galicia. Tamén chega á comunidade universitaria en forma de *newsletter*.
- Redacción de 376 notas de prensa, enviadas a medios de comunicación xeneralistas de Galicia, ademais de poñelas en libre disposición a través da páxina web da UDC.
- Atención a un total de 2.140 chamadas e correos electrónicos en demanda de información sobre a nosa universidade.
- A UDC tivo un total de 3.199 impactos en prensa, dos que 74 foron en prensa editada fóra de Galicia.
- Organización de roldas de prensa institucionais.
- Edición e distribución do folleto da UDC coas titulacións de grao e posgrao a 262 institutos de Galicia.
- Preparación de 17 programas de radio, emitidos en directo desde distintos centros da UDC, con Radio Coruña-Cadena SER e Radio Voz.

Captación de alumnado

- Edición do libro de información da UDC *Argumentos para elixir UDC*, cunha tiraxe de 2.500 exemplares en galego, 1.500 en español e 1.000 en inglés. Este volume ten de ser distribuído ademais pola VERI, para alén dun uso institucional e protocolario. Para o efecto, enviáronse exemplares a todos os decanatos e dirección de centros da UDC, ademais de repartirse a medios de comunicación.
- Edición do folleto *Argumentos para elixir UDC*, con información sobre as titulacións de grao e posgrao da UDC para o curso 2010/2011. Editáronse 8.400 exemplares en galego, 2.100 en español e 1.350 en inglés.
- Distribución en man de 5.000 exemplares do folleto anterior entre o alumnado que realizaba as PAAU na UDC durante os días 17 e 18 de xuño.
- Cuñas de publicidade radiofónica en *Los 40 Principales*. Emitíronse un paquete de 61 cuñas de 20 segundos entre o 13 de maio e o 10 de xullo.
- Inserción dun bñner de publicidade na web de *La Voz de Galicia* entre o 1 de maio e o 1 de xullo, co resultado de 11.972.112 impresións e 5.254 clics que ligaban directamente coa web da UDC. Segundo OJD, o 88% dos clics procede de Galicia.

- Inserción de publicidade promocional da UDC os días os días 13, 20 e 27 de xuño e 4 de xullo en *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* e *La Opinión*.

Recursos audiovisuais

- Coordinación, gui3n e distribución do vídeo institucional da UDC. Editado en versión española, galega e inglesa.
- Coordinación, gui3n e distribución de vídeos tipo “cortinillas” das diversas áreas de coñecemento da UDC. Editados en español e en galego.
- Campaña “En galego tamén se fai ciencia” (DVD e vídeo para web).
- Spot de actividades deportivas 2010 , de avaliación docente e de Campus Rock 2010
- Coordinación e gui3n da presentación en *power point* da UDC para o seu uso pola VERI e para actos protocolarios e institucionais. Editado en español, galego e inglés.
- Filmación do promocional para Servizos de apoio á Investigación e para Humanidades.
- Cobertura e gravación e edición de distintas actividades institucionais e académicas.

Publicacións

En 2010 o catálogo editorial do Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña incorporou 32 novos volumes. Con todo, a partir de agora cumprirá diferenciar entre diferentes formatos de publicación e de difusión, xa que estamos a apostar pola adaptación e incorporación dos procesos de xestión editorial ao novo contexto tecnolóxico e ás novas modalidades de comercio electrónico e de promoción do libro entre as redes sociais. En 2010 asinouse un contrato coa empresa Meubook, que ofrece un amplo abano de servizos editoriais neste campo: distribución comercial de libro impreso e electrónico, promoción editorial, edición baixo demanda, autoedición etc. Sen dúbida, o futuro inmediato do libro universitario marcha polos formatos electrónicos. Déronse ademais os primeiros pasos para incrementar a colaboración con outras plataformas institucionais, como Dialnet ou Unebooks.

Ao mesmo tempo, e en liña co anterior, preparáronse os arquivos para a próxima publicación en acceso aberto, dentro do Repositorio Institucional (RUC), dos números correspondentes aos anos 2007-2009 das revistas da UDC xa introducidas nesta aplicación en exercicios anteriores. Sumáronse tres máis: *Lenguaje y Textos* (ns. 1-23), *Sarmiento* (ns. 1-13) e *Rotur* (ns. 1-2). Para o próximo exercicio está previsto poñer a dispo-

sición máis materiais do seu catálogo, como son, por exemplo, os volumes de actas de reunións científicas.

A visibilidade e promoción da nosa produción é un reto que compartimos con outras universidades. Estivemos en feiras do libro (Madrid, Frankfurt, A Coruña, Guadalupe e Líber), colaboramos co proxecto Cumulum, que se desenvolveu con ocasión do Día do Libro, inserimos fichas de novidades bibliográficas en diferentes medios e cedemos gratuitamente exemplares a diversas institucións que nolos solicitaron para as súas bibliotecas.

Tamén, como en anos anteriores, a editorial universitaria da UDC procurou contribuír a algúns dos eventos máis destacados de 2010 en Galicia, como foron o Xacobeo ou o Día das Letras Galegas dedicado a Uxío Novo Neira, celebrados respectivamente coa publicación dos libros *Mi sombra en el camino* e *A man que caligrafando pensa*.

En 2010 o Servizo de Publicacións da UDC xestionou a produción, a promoción e a distribución dun total de 21 volumes, en formato de libro impreso ou de CD ou como publicación en liña, e 11 volumes de publicacións periódicas, cuxos títulos se expoñen a continuación agrupados nas respectivas coleccións ou series en que se integran.

	2006	2007	2008	2009	2010
Libros	22	37	33	31	21
Revistas	10	10	9	10	11

Cadro 187 **Evolución do número de publicacións**

	2006	2007	2008	2009	2010
Libros recibidos	1061	1138	1116	1007	1101
Revistas recibidas	277	502	460	436	442
Libros enviados	Sen datos	1250	1450	1311	1243
Revistas enviadas	Sen datos	948	804	1078	500

Cadro 188 **Evolución do intercambio de publicacións**

O número menor de exemplares enviados en relación con exercicios anteriores débese a que a publicación dos volumes correspondentes a 2010 -e a conseguinte

distribución por intercambio- se atrasou ata os primeiros meses de 2011.

Cultura

2010 foi o último ano para unha determinada maneira de concibir a actividade cultural universitaria na Coruña, sen un lugar de referencia urbano e coa dispersión resultante. Non se chegou a tempo para inaugurar Normal este ano, pero o novo espazo cultural obrigará a unha redimensión máis ambiciosa, máis aberta á sociedade e máis coherente da actividade cultural e social universitaria. A Universidade da Coruña, tal como se apuntaba na presentación á prensa feita nos últimos días deste ano, vai ter unha presenza sólida e efectiva na cidade.

Teatro e danza

Na área de formación houbo, como en anos anteriores, obradoiros de formación teatral. En teatro, no Campus da Coruña, traballouse na produción do espectáculo *Rinocerontes no Camiño* e en danza, obra producida foi *Eiruga*.

Realizáronse cursos prácticos e abertos dirixidos a persoas que se inician na arte dramática ou que teñen pouca experiencia. No caso da danza, houbo cursos de iniciación. Tamén se realizaron obradoiros de escrita, para a creación dun texto dramático; de teatro xestual e Commedia dell'Arte e de interpretación teatral (Carlos Losada).

O XVII Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC) desenvolveuse entre os días 13 e 30 de abril e, como no ano anterior, incorporou no programa a danza contemporánea. Este ano houbo tamén sesións en Ferrol.

Cinema e imaxe

Programáronse os seguintes cursos: Os anos 60: *A modernidade no cinema español*. O *"Novo Cinema Español"* e a *"Escola de Barcelona"*, O cinema de Jean-Luc Godard, Os novos cinemas e a modernidade cinematográfica dos anos 60, Documentalismo(s). Novas apostas do cinema de non-ficción, O cinema de Alfred Hitchcock: entre o clasicismo e a modernidade, O *"amor fou"* surrealista no cinema, Realización de storyboard e Técnicas de animación en stop-motion.

Realizouse un curso de verán, organizado pola Aula de Cinema, sobre as principais tendencias do cinema contemporáneo. Pola súa banda, a Facultade de Humanidades organizou un ciclo de cinema e conferencias baixo o título de *A Historia do Cine*. Tamén no campus de Esteiro se proxectaron as curtametraxes resultantes do curso de vídeo-creación da Aula de Cinema e Imaxe.

- Proxección de curtametraxes resultantes do Curso de Vídeo-Creación da Aula de Cinema e Imaxe. Marzo, 2010. Campus de Esteiro en Ferrol.

Outras músicas: campus-rock

En 2010, analizada a experiencia de anos anteriores, optouse por trasladar o Campus Rock a un recinto cuberto, fóra do campus, e con entradas. Celebrouse así o 14 de maio no Coliseum da Coruña, cunha asistencia de 600 persoas, aproximadamente, número inferior ao de anos anteriores e que resultaba moi escaso para o aforo total do recinto.

No foro da Fnac proxectouse o documental *I am trying to break your heart: a filme about Wilco*, de Sam Jones, que formaba parte do Campus Doc, actividade complementaria do Campus Rock. O Campus Doc celebrouse durante os días 28 e 29 de abril e 6 e 13 de maio, na Facultade de Informática.

Aula de Música

Chegouse este ano á cuarta edición do Ciclo de Novos Intérpretes, en que se quixo promocionar as novas xeracións de músicos emerxentes en Galicia. Celebráronse cinco concertos en diferentes escenarios. Dentro do V Ciclo de Concertos Didácticos ofrecéronse catro actuación baixo o tema *Tradición e modernidade*.

O coro e a orquestra de cámara da UDC, ademais da súa participación habitual en actos académicos e institucionais, protagonizaron diversos concertos durante este ano, sempre baixo a dirección de Julián Jesús Pérez, a excepción da conferencia-concerto conducida polo director convidado, Javier Busto.

A ópera *Inés e Bianca de Marcial del Adalid* é un libro nacido das colaboracións sobre a ópera do compositor coruñés Marcial del Adalid, cos contidos do programa de man e a presentación en recital dunha selección da ópera, interpretada no Paraninfo no ano 2007, nas I Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego.

Na área de formación, a Escola de Música ofertou os seus habituais cursos de linguaxe musical na Coruña e en Ferrol.

Cátedra Jorge Juan

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Ferrol, e a Armada xestionan de xeito conxunto as actividades que vén desenvolvendo nos últimos anos a Cátedra Jorge Juan. Cada ano, de xeito alterno, correspóndelle a unha ou outra institución designar un director.

Nos primeiros meses de 2010 esta cátedra cultural estivo baixo a dirección de Carmen Pérez Pais, profesora

titular da Facultade de Humanidades de Ferrol. Nesta etapa organizáronse sete conferencias sobre distintos temas de ciencia, economía e historia.

En novembro asumiu a dirección o capitán de navío David Rodríguez López. Ata rematar o ano convocáranse dúas conferencias, a primeira delas impartida polo presidente da Xunta de Galicia.

Exposicións

Celebrouse a primeira edición do I Concurso fotográfico da UDC: “Entreculturas”. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o ano 2010 Ano internacional do achegamento das culturas, o que motivou a convocatoria do noso primeiro concurso fotográfico.

O xurado elixiu entre as 35 fotografías presentadas a de Jorge García Fernández titulada “De quen ves sendo?”, como primeiro premio, dotado con 1.000 €.

Obradoiros

No campus da Coruña organizáronse obradoiros de fotografía, técnicas pictóricas, arte, creación con coiro, ioga e cociña. En Ferrol os obradoiros ofertados foron os de artesanía, cultura científica, animación con stop motion, fotografía, photoshop e invitación á filosofía e arte.

Os fotógrafos Carlos Carballeira e Fran Nieto ofreceron senllas conferencias no salón de actos do campus de Esteiro.

Cursos, conferencias, seminarios

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, a través da Oficina de Cursos, convocou axudas e coordinación para cursos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias. A isto súmase a colaboración con actividades organizadas por centros, departamentos, grupos de profesores, delegacións de alumnos ou asociacións estudantís.

O número total de reunións realizadas en 2010 na Universidade da Coruña, incluídos congresos e simposios internacionais, superou a cifra de douscentos. Como

novidade, este ano houbo unha distribución das axudas económicas para a realización de xornadas e ciclos de conferencias en dúas convocatorias, correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre do ano. Deste xeito deuse maior flexibilidade para a programación e execución destas actividades divulgativas.

Continuou en ascenso o número de cursos de verán acollidos a esta convocatoria específica. Dezaseis cursos de verán realizáronse entre os meses de xuño e de setembro.

Título do curso	Director/a
III Curso de divulgación científica na sociedade. Escénica da comunicación	María Ares Sanmartín
I Cuso de verán sobre novos feminismos. A cuestión do xénero no século XXI	José Angel Brandariz García
13.º curso de pensamento Carlos Gurméndez: pensando na sociedade de valores, o estado de dereito, a ética pública, os principios e a moral	Xosé María Dobarro e Mª Antonia Pérez
O Cinema contemporáneo a debate: principais tendencias do cinema internacional	David Castro de Paz
Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936	Carme Fernández Pérez-Sanjuán
Diseño mecánico 3D mediante sóftware Solid Edge	Manuel Fernández Quintás
IV Curso temático de verán sobre educación infantil da Mariña: espazos e tempos na escola infantil	Xesús Ferreiro Núñez
Vivenda e espazos de relación nos núcleos tradicionais de Galicia	Alfredo Freixeiro Alemparte
Tendencias e perspectivas do sector turístico no novo contexto económico-social	Mª García Álvarez e Rosa Mª Mariz Pérez
Obradoiro de urbanismo no EEES	Cristina García Fontán
A muller na ciencia: historia dunha desigualdade	Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño
Política social europea e inclusión social	Isabel Novo Corti e Manuel Baña Castro
Migración, xénero e desenvolvemento	Laura Oso Casas e Natalia Ribas Mateos
Construción de estruturas tubulares	José Manuel Rebolledo Lorenzo
Que sucedeu co Real? Arquitecturas pos-espectaculares	Juan Creus Andrade, Roi Salgueiro Barrio e Francisco Rosell Muñiz
VI Curso de Verán sobre dinamización lingüística, traballando en lingua	Goretti Sanmartín Rei

Cadro 189 Cursos de verán da UDC en 2010

Deportes

Como liña programática, a Área de Deportes pon en primeiro plano o deporte de base nacido na propia universidade, individual, colectivo, recreativo ou competitivo. Os servizos deportivos, por outra parte, están a converterse cada vez máis nunha importante e atractiva fórmula de visibilidade social para as universidades. Durante 2010, preto de 4.500 membros da comunidade universitaria escolleron estas actividades, o que significa que unha quinta parte dos membros da Universidade da Coruña elixen o deporte como forma de gozar do seu tempo de lecer.

Cabe salientar o convenio asinado polas tres universidades galegas coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para a promoción do deporte universitario e as actividades saudables. Tamén o asinado co Concello da Coruña para o fomento do deporte e para o uso compartido das instalacións deportivas de ambas entidades. Non menos importante foron os acordos alcanzados con distintos clubs da cidade para fomentar e facilitar as condicións dos adestramentos e mellorar a capacidade competitiva da nosa universidade. Lembremos, a este respecto, os nosos grandes resultados deportivos de 2010, como é o caso do Subcampionato de Europa Universitario de Rugby 7 feminino.

Por segundo ano realizouse o Día do Deporte na UDC, o 27 de novembro, no campus de Elviña. Neste evento organizáronse diferentes actividades deportivas, campionatos de fútbol e de baloncesto, actividades de tiro con arco e tirolina. Tamén se fixeron avaliacións de condición física saudable tanto no campus de Ferrol como no da Coruña. Para o acto de entrega de premios contouse coa participación de case duascientas personalidades e deportistas reunidos nunha cea. O Premio UDC Deportes foi outorgado este ano ao equipo feminino de rugby, pola súa traxectoria e polos importantes éxitos acadados.

As actividades deportivas organízanse, tanto na Coruña coma en Ferrol, en cinco grandes bloques: actividades de competición, de formación, de actividade física e saúde, actividades na natureza e organización de eventos deportivos. Os resultados, como se pode comprobar polos datos que se achegan, son moi satisfactorios, sobre todo en participación, e cumpren co noso obxectivo principal de servizo público en beneficio de toda a comunidade universitaria.

Competicións

As competicións internas, que reúnen ligas universitarias e campionatos, contaron cunha grande actividade.

As ligas universitarias contaron con, aproximadamente, 2300 estudantes pertencentes a máis de 212 equipos, en modalidades deportivas como o fútbol 7 (82 equipos), baloncesto (38 equipos), fútbol sala (84 equipos) e voleibol (6 equipos na Coruña).

Cos campionatos internos, a Área de Deportes procura a participación da comunidade universitaria en modalidades menos tradicionais e, xa que logo, con menor demanda, sen que isto signifique menor importancia. En moitas ocasións, estas competicións serven para acadar a clasificación para os Campionatos de España Universitarios. A participación total foi superior ás 150 persoas.

Dentro das competicións externas (Campionato de Europa Universitario, Campionatos Galegos Universitarios, Campionatos de España Universitarios e Deporte Federado), os estudantes que representaron a Universidade da Coruña obtiveron magníficos resultados.

No ámbito internacional cabe salientar a participación e o resultado do equipo de rugby feminino no Campionato de Europa Universitario que se realizou en Granada. O equipo da UDC acadou un meritorio segundo posto despois de participar e gañar o Campionato de España Universitario.

Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da Universidade da Coruña superou os 380 participantes, repartidos en distintas modalidades de competición. A UDC acadou resultados importantes que deron a posibilidade de participarmos nos Campionatos de España Universitarios.

Nos Campionatos de España Universitarios participa alumnado de 1º, 2º ou 3º ciclo, procedente de todas as universidades de España, o que suma máis de 5000 deportistas cun alto nivel de rendemento deportivo. O número de participantes no presente ano, por parte da Universidade da Coruña, foi superior aos 120 deportistas. Ha saberse que en moitas das modalidades cómpre ter, con anterioridade, unha marca, un ránking, un grao, un hándicap mínimo ou unha difícil fase de clasificación –isto no caso dos deportes de equipo– para poder participar.

Nas modalidades deportivas individuais, o Consejo Superior de Deportes organizou un total de 25 campionatos. A UDC competiu en 19 deles, o que significa que estivemos presentes no 75% das modalidades, unha das maiores participacións a nivel estatal. O total de participantes en deportes individuais foi de 73 persoas.

De todas as modalidades deportivas citadas, a Universidade da Coruña acadou 10 medallas nas seguin-

tes competicións: Begoña Garrido Barro, ouro en atletismo na proba de 400 m; Yolanda Gutiérrez Robles, ouro en Atletismo na proba de 10.000 metros; Manuel Uriz Corral, prata en Atletismo na proba de lanzamento de xavelina; Marcos García Soto, bronce en Natación; José Ramón Louzao Arís, prata en Taekwondo; Rubén Taboada García, prata en Taekwondo; Cristina Baena Torres, Bronce en Taekwondo; Nicolás García Ares, bronce en Judo; Pablo Vidal Bouza e Borja González Vicente, bronce en Volei-praia; Cristóbal Fernández Pérez e Ignacio Fernández Pedros, bronce en Tenis de Mesa.

A respecto dos deportes colectivos, debemos subliñar que o sistema de competición é determinante á hora de valorar tanto a participación como os resultados. O total de participantes en deportes colectivos foi de 53, distribuídos entre fútbol sala masculino, rugby feminino, fútbol 7 feminino e voleibol feminino. En canto ás clasificacións, as participantes no equipo de Rugby feminino quedaron campioas de España e subcampioas de Europa.

A Universidade da Coruña segue a estar representada nos Deportes Federados con equipos propios, como é o caso do voleibol feminino e o tiro con arco. Ademais, noutras modalidades mantemos convenios de colaboración, tal e como ocorre no fútbol co caso do Sporting

Universidade, co CRAT, no caso do rugby, e co Baské Coruña, co Ártabro Balonmán e co OAR Balonmán nas correspondentes modalidades.

Formación

A Área de Deportes contou con máis de 36 escolas deportivas e actividades, desenvolvidas tanto nas instalacións pertencentes á propia universidade como naquelas outras con que mantemos acordos de colaboración. Nas escolas deportivas da Área de Deporte ofertáronse trece actividades, entre elas xadrez, bádminton, tai-chi, tenis, voleibol, tiro con arco, wu-shu, rugby, taekwondo, ximnasia acrobática, pádel ou golf, con participación superior ás 500 persoas. Á marxe das escolas deportivas, ofertouse gran variedade de cursos (tenis, ioga, surf etc).

Organízanse cursos de formación conducentes á obtención dun título oficial e validables por créditos de libre configuración: de monitor de tempo libre, de mergullador deportivo 1 estrela, de patrón de embarcacións de recreo e de patrón de iate.

Mantemento físico

Neste apartado salienta a consolidación da Unidade de Exercicio e Saúde, que conta cos servizos e o asesoramento dun licenciado en Educación Física Experto universitario en Actividade Física e Deporte e dun mé-

dico Especialista en Medicina do Deporte. Trátase dun servizo dirixido a todos os membros da comunidade universitaria e que orienta a súa función en tres liñas de traballo: avaliación para a práctica do exercicio, asesoramento para a práctica do exercicio e promoción da actividade física para a saúde.

A Área de Deportes da Universidade da Coruña continúa co acordo de colaboración para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia (Elviña, Sardiñeira e Agra II), coa oferta do mantemento físico. Non deben esquecerse os acordos cos concellos de Ferrol e de Narón para o uso das piscinas de Caranza e da Gándara, respectivamente, polas que pasaron máis de 50 persoas pertencentes á nosa comunidade.

Actividades na natureza

Todos os anos, a Área de Deportes da UDC trata de diversificar ao máximo a súa oferta e, dentro dela, as actividades na natureza constitúen un dos seus maiores atractivos. Considérese que en total participaron aquí preto de 550 persoas. As máis solicitadas foron as

de camiñadas. Ofertáronse tamén outras actividades (abertas a persoas alleas á comunidade universitaria), como equitación, ráfting ou paintball.

Eventos deportivos


A Área de Deportes organizou diferentes eventos deportivos na Universidade da Coruña, entre os que podemos mencionar, no ámbito autonómico, os campionatos intercampus, que mobilizaron a máis dun cento de deportistas, o Campionato Galego de Deportes Colectivos para o PDI-PAS (máis de 100 participantes), o Campionato Galego de Xadrez, o Campionato Galego de Orientación, o X Campus Mauro Silva (un cento de nenos e nenas) e os Campamentos de Verán. Neste últimos, dirixidos a nenos de 6 a 12 anos, participaron 200 rapaces.

No ámbito estatal, preparouse a participación en fases interzonais de voleibol feminino e fútbol sala e na fase final de rugby feminino. No ámbito internacional, participación nos Campionatos de Europa Universitarios de rugby feminino, onde acadamos o subcampionato.

Cooperación e voluntariado

Desde 1996 a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) procura o coñecemento crítico da realidade e a participación na construción de sociedades máis xustas. Unha das canles que a OCV propón para a participación son os programas de voluntariado social. Este ano, tanto no campus da Coruña como no campus de Ferrol, o número de persoas voluntarias aumentou considerable-

mente. Entre os 16 programas de voluntariado que leva a cabo a oficina pódense mencionar, a título de exemplo, o do Centro de Acollida de Menores de Bañobre, a Aula de Cultura no centro penal de Teixeiro, o de apoio escolar en colaboración co Secretariado Xitano, o de colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ferrol ou os das Rañas e o Portiño.




Cadro 190 Voluntarios/as por proxecto no campus da Coruña

Rexístrase un aumento moi significativo de persoas voluntarias no campus da Coruña, con respecto ao ano anterior. No ano 2009 houbo un total de 114 persoas voluntarias só no campus de Coruña e en 2010 houbo un total de 162. A meirande parte do voluntariado desenvolveuse nos proxectos con persoas inmigrante e no Materno Infantil.

Canto ao Campus de Ferrol, a meirande parte das persoas voluntarias colaboraron no proxecto do centro penal de Teixeira, Centro de Atención ao Minusválido

Físico (CAMF) e na aula de informática para persoas en risco de exclusión social.

No campus da Coruña, hai máis persoas voluntarias que estudan en Ciencias da Educación, aínda que temos que ter en conta que aquí se agrupan varias diplomaturas e licenciaturas. Tamén convén sinalar que este ano houbo unha porcentaxe elevada de persoas que non son universitarias e que colaboraron nos nosos proxectos, o cal significa que o campus universitario se está abrindo cada vez máis á participación da sociedade en xeral.



Cadro 191 **Voluntarios/as por proxecto no campus de Ferrol**

Cooperación

Principais actuacións en 2010:

- Seis persoas da UDC viaxaron este ano a distintos puntos do planeta, dentro da VI Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade.
- Oito proxectos acolléronse á V Convocatoria de Axudas a Proxectos de Investigación en Cooperación e Desenvolvemento. Fondo 0,7% (90.000€). É unha iniciativa en que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estancia de cooperación de 1 a 3 meses, e que o traballo que desenvolva sexa validado con proxectos fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira.
- No capítulo das colaboracións, salientan as establecidas ou mantidas coa Coordinadora Galega das ONG, Survival, Además, Iye, Intermón e Axuda en Acción e Enxeñaría sen Fronteiras, entre outras, en distintas actividades.
- O ano pasado convocáronse distintos cursos de formación sobre aspectos relacionados coa cooperación e o voluntariado.
- No presente ano e como xa vén sendo habitual, colaboramos na organización académica e na difusión do "XIV Curso–Obradoiro de Formación para o voluntariado Internacional. Interdependencia Solidaria".

Igualdade de Xénero

En setembro foi nomeado José Angel Brandariz García como director da Oficina de Igualdade de Xénero en substitución de Patricia Faraldo Cabana. As principais actividades de 2010 foron as que seguen:

- Continuación e finalización da recollida de datos para a elaboración da diagnose do Plan de igualdade de oportunidades da Universidade.
- Continuación e remate do ciclo de conferencias *Muller e Ciencia* nos centros da UDC.
- I Xornadas de Orientación Laboral con Perspectiva de Xénero, que tiveron lugar no centro social de CaixaGalicia os días 19 a 21 de maio de 2010.
- VI Curso de Verán sobre Xénero de Políticas de Igualdade *A Muller na Ciencia: Historia dunha desigualdade*, que tivo lugar no Centro Universitario de Riazor.
- I Curso de Verán sobre Novos Feminismos. *A cuestión de Xénero no S. XXI: Teorías e Prácticas Hete-*

rodoxas, que tivo lugar na Facultade de Socioloxía en setembro.

- Realización das *Xornadas Universitarias Multidisciplinares para a Humanización do Parto*, que tiveron lugar na Aula Magna da Facultade de Dereito.
- Realización da xornada internacional sobre *A In-*

corporación Laboral da Muller no Sector Marítimo, que tivo lugar na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

- Publicación de dous libros colectivos froito da realización de xornadas organizadas pola Oficina de Igualdade de Xénero.

Actividade social para a colectividade universitaria

A Vicerreitoría de Cultura e Comunicación ofreceulle á comunidade universitaria diferentes actividades de carácter social e familiar, para alén das recollidas noutros apartados.

Aos dous campamentos de inglés organizados no verán no campus de Elviña asistiron un total de 26 rapaces de entre 4 e doce anos. No campamento de inglés

do campus de Ferrol participaron 60 nenos e nenas. Organizáronse tamén tres campamentos multideportivos, de dúas semanas de duración, no campus da Coruña. Asistiron un total de 83 rapaces de entre seis e doce anos. En decembro houbo a xa tradicional festa de fin de ano para fillos da nosa comunidade, con actuacións, merenda e agasallos.